

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Didáctica das artes plásticas e visuais				
Materia	Didáctica das artes plásticas e visuais			
Código	O05G120V01401			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Varela Casal, Cristina			
Profesorado	Blanco Sierra, Javier			
Correo-e	cristinavarelacasal@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A finalidade primera da didáctica das artes plásticas e visuais é proporcionar ao alumnado unha formación artística e didáctica de calidade, tanto no que se refire á capacidade de formalizar e interpretar producións plásticas e visuais nos diversos ámbitos e territorios da arte (concepto ampliado de arte), como á capacidade para deseñar accións educativas e materiais didácticos para a formación artística do alumnado de primaria. Por elo partirase da construción dun sustrato de coñecementos teóricos fundamentais da linguaxe plástica e visual e da historia da arte combinados coa práctica dunha serie de destrezas e habilidades formais/procedimentais que armen ao alumno/a de ferramentas críticas, discursivas e creativas. As tarefas procedimentais convivirán coa análise e reflexión sobre os espazos da arte como espazos de aprendizaxe, vinculando así as linguaxes actuais da arte coa educación artística do alumando de primaria.			

Competencias	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
C53	Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde as artes
C54	Coñecer o currículo escolar da educación artística, nos seus aspectos plástico, audiovisual e musical
C55	Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades musicais e plásticas dentro e fóra da escola
C56	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación

D5	Coñecemento de informática relativos ao ambito de estudo
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D19	Lideranza
D21	Iniciativa e espírito emprendedor

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer as características psicoevolutivas e formáis da linguaxe plástica dos nenos de primaria así como os aspectos fundamentais da súa sintaxe e semántica. Saber concretar e transmitir todas as caracteristicas da linguaxe plástica e estimular a aprendizaxe mediante métodoloxías didácticas adecuadas.	A2 A4 A5	B11	C53 C54 C56	D5 D8 D13 D15 D16 D21
Ser capaces de identificar recursos e metodoloxías propios das artes plásticas. Saber recoñecer os distintos métodos e medios adecuados a cada técnica para unha expresión plástica favorable así como utilizar os distintos recursos procedimentais e conceptuais idóneos para a execución da obra na súa dimensión compositiva e estética.	A2 A5		C53 C54 C55	D1 D2 D7 D8 D10 D14 D16 D18 D21
Poder valorar os fundamentos e ámbitos de actuación das distintas formas de expresión artística, así como o patrimonio artístico.	A3	B11	C53 C55	D1 D14 D16 D18 D21
Facilitar a representación e a expresión a través das linguaxes plásticas, visuais e audiovisuais profundizando nos novos medios e estratexias plásticas para transmitir os coñecementos e propor espazos e modos expresivos que sirvan ao alumno como ferramenta de linguaxe e espazo de construcción plástica.	A3 A4	B2	C53 C55 C56	D2 D7 D8 D9 D16 D18 D21
Ser capaces de mellorar a capacidade de comprender, ler, visionar crear e producir dentro das linguaxes artístico visuais e plásticas promovendo metodoloxías para facer que a apreciación estética sexa máis alcanzable para o alumnado.	A4	B11	C53 C55 C56	D1 D2 D5 D7 D8 D12 D13 D16 D17 D21
Ser capaz de producir imaxes e propostas obxectuais en dúas e tres dimensións, ben estruturadas, conceptualmente acotadas, con calidade compositiva e detalladas sobre temas e proxectos no ámbito dos coñecementos típicos e característicos da área Artística Visual.	A2 A3	B8 B11	C53 C55 C56	D1 D5 D7 D8 D17 D18 D21

Coñecer e avaliar o currículo escolar das Didácticas da Expresión Artística e audiovisual	A5	B4	C54	D1 D14 D15 D16 D18 D19 D21
Adquirir e consolidar hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma, creativa e cooperativa e promovelos nos estudantes desde a participación e o esforzo individual.	A3 A5	B2 B3 B8	C54 C56	D1 D2 D5 D7 D8 D9 D12 D14 D15 D16 D18
Ter dominio e comprender adecuadamente toda a densidade e complexidade das imaxes e producións visuais; as obras de arte, os símbolos e sinais visuais, a publicidade e os medios de comunicación de masa. Os obxectos, as pezas, construcións e edificios que constitúen a cultura material e conceptual antiga e contemporanea.	A2 A3	B11	C53	D1 D13 D14 D16 D18 D21

Contidos

Tema	
I. Artes Plásticas e Visuais. Marco disciplinar e Modelos Formativos	Estrutura curricular das Artes Plásticas e Visuais en Educación Primaria. Obxectivos cognitivos e procedimentais. Criterios metodolóxicos. Observación, representación, experimentación, transformación. O espazo escolar como dispositivo pedagóxico.
II. O concepto ampliado da arte como base da educación	Novos plantexamentos e linguaxes plásticos e visuais no contexto da contemporaneidade. Novos espazos para a pedagoxía da arte: o museo como recurso didáctico.
III. Elementos básicos da plástica I	A linguaxe e a comunicación visual. O grado de iconicidad. Lectura de imáxenes: tipo de forma. Lectura de imáxenes: modos de expresión da linguaxe icónica. Elementos básicos: Punto, líña, plano.
IV. Elementos básicos da Plástica II	A cor. A textura. A composición. Forma e espazo.
V. O concepto de creatividade	Definición de creatividade. O papel da imaxinación na creación. Pensamento converxente vs. Pensamento diverxente. Teoría das intelixencias múltiples de Gardner.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	23	67.5	90.5
Eventos científicos	3	0	3
Resolución de problemas	14.5	30	44.5
Lección maxistral	12	0	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O/a estudante, de maneira individual ou en grupo, elaborará un traballo artístico - didáctico sobre a temática da materia. Pautaranse entregas parciais e revisarase o avance das materializacións finais con revisións intermedias e presentación de tarefas específicas.

Eventos científicos	Conferencias, faladoiros, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por relatores/as de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Resolución de problemas	O/a alumno/a debe desenvolver exercicios relacionados coa adquisición de habilidades procedimentais e técnicas propias da expresión plástica e visual.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Nos traballos tutelados observarase a evolución do traballo nas distintas fases do proceso creativo e de execución. As sesións de tutorización realizaranse por medio telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros en FAITIC) baixo a modalidade de concertación previa.
Resolución de problemas	Realizarase un seguimiento do traballo, para orientar ao alumano/a na realización do exercicio. As sesións de tutorización realizaranse por medio telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros en FAITIC) baixo a modalidade de concertación previa.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Elaboración dun traballo de formalización plástica e cun sentido didáctico. Individual ou en grupo	35	A2 A3 A4	B2 B3 B8	C53 C54 C56	D1 D2 D7 D8 D9 D12 D14 D18
Eventos científicos	Debate e participación activa	10	A3 A4	B4 B11	C53 C54 C55	D13 D14 D15
Resolución de problemas	Exercicios nos que o/a alumno/a debe desenvolver tarefas procedimentais da práctica artística nun tempo/condicións establecido/as polo/a profesor/a.	30	A5		C54 C56	D1 D7 D16 D18 D21
Lección maxistral	Exame de preguntas obxectivas.	25	A2 A3 A4	B11	C53 C54 C56	D1 D2 D14 D17 D18 D21

Outros comentarios sobre a Avaliación

As datas de exames poden consultarse na web da facultade

A asistencia (presencial,telemática ou mixta, segundo proceda) a clase é importante para o correcto desenvolvemento do curso.

Para superar a materia será necesario obter unha media de 5 calculando as porcentaxes detalladas en cada un dos bloques de avaliación. É imprescindible ter un 4 como nota mínima en cada un dos bloques para que se proceda a calcular a nota media.

De non ter superada a materia en primeira convocatoria , as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo

Os/as alumnos/as que non tiveran asistido ou non cubran a porcentaxe obrigatoria de asistencia (presencial,telemática ou mixta, segundo proceda) durante o curso académico ordinario, deberán superar unha proba escrita de contidos mínimos teóricos que lles dará dereito á valoración do resto de entregas. Para coñecer o detalle dos contidos e avaliación das entregas terán que contactar ao inicio do cuadrimestre, co profesorado responsable da materia mediante as titorías.

SEGUNDA CONVOCATORIA

Os/as alumnos/as que non tiveran asistido ou non cubran a porcentaxe obrigatoria de asistencia (presencial,telemática ou mixta, segundo proceda) durante o curso académico ordinario, deberán superar unha proba escrita de contidos mínimos teóricos que lles dará dereito á valoración do resto de entregas. Para coñecer o detalle dos contidos e avaliación das

entregas terán que contactar ao inicio do cuadrimestre, co profesorado responsable da materia mediante as titorías.

No caso de alumnos/as que aínda asistindo regularmente a clase (na modalidade que se estableza) e presentando as entregas parciais puntualmente non logren superar a materia deberán presentar na segunda convocatoria so aquelas entregas nas que non alcanzasen a nota mínima de 5. As notas das partes aprobadas conservaráselles durante unha convocatoria.

As datas de exames pódense consultar na web da facultade

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

HERNÁNDEZ, F., **Espigaro@s de la cultura visual. Otra narrativa para la educación de las artes visuales**, Octaedro, 2007

HERNÁNDEZ, f. & RIFÁ, M, **Investigación Narrativa y cambio social**, Octaedro, 2011

ABAD MOLINA, J. (Coord.), **7 ideas clave: La competencia cultural y artística**, Graó, 2012

BARBE-GALL, F., **Cómo hablar de arte del siglo XX a los niños: del arte moderno al contemporáneo: un libro de arte.**, Nerea, 2015

GARDNER, H, **Educación artística y desarrollo humano.**, Paidós., 2011

Bibliografía Complementaria

Fontal Merillas, O. y Calaf Maschs, R., **Como enseñar arte en la escuela**, Sitesis, 2014

Idema, J., **Como visitar un museo de arte y convertir tu visita en una experiencia gratificante**, Gustavo Gili, 2016

Lowenfeld y Brittain, **Desarrollo de la capacidad creadora**, Kapelusz, 1984

Marchán Fiz, Simón, **Del arte objetual al arte de concepto : 1960-1974 : epílogo sobre la sensibilidad**, Akal, 2012

Marin Viadel, R., **Metodologías artísticas**, Aljibe, 2012

Marín, R. (coord.),, **Didáctica de la Educación Artística**, Pearson, 2003

Vecchi, V., **Arte y creatividad en Reggio Emilia: el papel de los talleres y sus posibilidades en educación**, Morata, 2013

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Metodoloxías docentes que se manteñen:
As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.
Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).
Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.
Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:
Non hai modificacións nos contidos a impartir.
Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.
Outras modificacións:
 Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia faiTIC como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.
 No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.
=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.
Probas pendentes que se manteñen:
Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.
Probas que se modifican
Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.
Novas probas:
Non se prevén novas probas de avaliación.
Información adicional
Non hai.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Metodoloxías docentes que se manteñen:
As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:
Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:
Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia faiTIC como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.
No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican
Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:
Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional
Non hai.